MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOBRE A UTILIZACIÓN DO PAVILLÓN DE ROMIL POLO ALUMNADO DO CEIP DOUTOR FLEMING

Alfonso Marnotes González, voceiro do G.M do P.P. no Concello de Vigo presenta para o seu debate na vindeira sesión do Pleno da Corporación a seguinte **MOCIÓN:**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Logo de moitos meses rematado e pechado, cando o 21 de setembro do ano 2020 se inaugurou o pavillón de Romil, anunciouse que se trataba dun investimento de máis de 2 millóns de euros nu espazo que a cidadanía, e nomeadamente, o alumnado do colexio Doutor Fleming: “poderán gozar desta nova dotación deportiva de 2.600 metros cadrados. O pavillón dispón de catro espazos polideportivos, unha bancada con 140 asentos e dúas plantas, que serán utilizadas para as actividades do centro educativo, que ten 600 estudantes, e para a práctica de ximnasia acrobática, squash, xadrez, tenis de mesa, loita olímpica ou escalada.”

O pavillón da rúa Romil abría así súas portas tras unha importante reforma e baixo a promesa reiterada de que se poñería ao dispor do Colexio Doutor Fleming e os seus máis de 600 alumnos. Promesa incumprida, porque dous anos despois de que o polideportivo abrise as súas portas, os pais e as nais deste centro educativo lle reclaman por enésima vez ao alcalde a cesión dun espazo que permanece pechado a maior parte do día. O pavillón leva sen actividade algunha pola mañá dende hai dous anos.

O centro educativo contaba con estas instalacións para impartir as clases de educación física e complementar así os dous pavillóns cubertos e o patio exterior cos que conta o centro. Unha petición que xa no mes de xuño, antes do comezo foi realizada pola ANPA do centro e apoiada polo grupo municipal do PP ante a negativa do Goberno vigués a que os nenos utilicen o polideportivo en horario de mañá para as súas actividades deportivas.

GRUPO MUNICIPAL PARTIDO POPULAR DE VIGO Praza do Rei, s/n – Planta 8a 36202 VIGO
Tfno. 986 810 142 ofi.pp@vigo.org
www.ppdevigo.com

O que lle ofrece o alcalde aos nenas e nenas do centro é un espazo minúsculo, con barreiras de cristal e entre columnas, un espazo elevado e retirado do pavillón que non está acondicionado para a actividade física e no que con falta de seguridade para o alumnado e a prohibición de practicar determinadas actividades físicas. O que pretende o centro é utilizar as instalacións do pavillón polas mañás, nas que agora está pechado, porque é a mellor maneira de aproveitar estas instalacións e que dean o servizo para o que foi concebido: aos clubes deportivos que xa o utilizan e ao propio colexio.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de Vigo propón ao Concello Pleno que inste ao goberno local:

Atender a demanda das nais e pais do CEIP Doutor Fleming para que o alumando do centro poida utilizar o pavillón municipal de Romil en horario de mañá nun espazo axeitado para a práctica de actividade deportiva tal e como veñen reclamando dende hai dous anos.

En Vigo , a 31 de agosto de 2022

Alfonso Marnotes González

Voceiro do Grupo Municipal Popular

GRUPO MUNICIPAL PARTIDO POPULAR DE VIGO Praza do Rei, s/n – Planta 8a 36202 VIGO
Tfno. 986 810 142 ofi.pp@vigo.org
www.ppdevigo.com